



Concello da Coruña

Área / Unidad ASISTENCIA SOCIAL AS0000B GCS	Documento 10519I0T5C	
Código de verificación  3J6E 1J5M 5H6M 5Q5B 0TDO	Expediente 105/2025/1520	
	Fecha 16-07-2025	

RECTIFICACIÓN DO ANEXO I LISTAXE DE SOLICITUDES CON EMPATE A 10 PUNTOS PARA O SORTEO QUE SE ACHEGOU CO ANUNCIO DA DATA DO SORTEO PARA DIRIMIR O EMPATE EXISTENTE.

O 14/07/2025 a Xefa do Servizo de Acción Social ditou un acto de trámite no que acordaba:

PRIMEIRO.- Celebrar un sorteo público para dirimir o empate existente entre as **766 solicitudes** que se achegan no anexo I aos efectos de realizar unha prelación destes expedientes ata agotar o créditos dispoñibles para a convocatoria de bolsas comedor no curso escolar 2025/2026 segundo o apartado 9.10 da convocatoria.

O sorteo realizarase o próximo **xoves, 17 de xullo de 2025**, no **Salón de Actos do Centro Cívico dos Mallos**, sito na Avenida de Arteixo, 147, A Coruña, as **09:00 horas**.

No sorteo, extraeranse 4 bolas das que se obterá un número de 4 díxitos. Este número corresponderá aos últimos díxitos que identifican o expediente individual no que se recolle a solicitude do alumnado. Resultarán beneficiarios o alumnado que teñan asignado o número elixido e os posteriores en orde ascendente ata esgotar o crédito consignado. No caso de que o expediente co número maior da listaxe resulte beneficiario e aínda exista crédito dispoñible, continuarase a adxudicación de bolsas desde o expediente con número menor da listaxe e en orde ascendente

SEGUNDO: Publicar os seguintes documentos no taboleiro de anuncios e edictos do Concello (<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>) :

- Anuncio do sorteo publico (5Z6F 5G0P 0R2H 444T 0CLO)
- ANEXO I: Listaxe de solicitudes con empate a 10 puntos para o sorteo_Usa público" (CSV 4U2E 554T 0V4I 5370 0KBE)

TERCEIRO: Comunicar o contido do anuncio e das listaxes que o acompañan ao teléfono de atención cidadá 010 do Concello da Coruña, dando publicidade ademais do mesmo na páxina web dos servizos sociais municipais.

Logo da publicación do anexo I (Listaxe de solicitudes con empate a 10 puntos para o sorteo_Usa público") consultable mediante código seguro de verificación 4U2E 554T 0V4I 5370 0KBE, detectouse un erro en relación con dous expedientes :

- O expediente 222/2025/2626 aparecía como expediente incluído no sorteo cando pola súa puntuación non entraría a sorteo por estar a súa valoración nunha situación distinta da que provoca o empate pendente de dirimir.
- O expediente 222/2025/3787 debería aparecer como incluído no sorteo logo de comprobar que a súa valoración é idéntica a dos expedientes que se encontran empatados.



Concello da Coruña

Feitas as correccións anteriores, o total de expedientes que entrarían no sorteo por estar empatados con 10 puntos no apartado de valoración situación económica da unidade familiar nuclear (apartado 9.3 da convocatoria) é dun total de 766.

Tendo en conta que o sorteo xa está anunciado para o día xoves, 17 de xullo de 2025, e que estamos ante unha rectificación de erros materiais ou de feito dun acto de trámite, procede publicar unha rectificación do anexo I unicamente en relación aos expediente afectados que non afectará á data do sorteo por non vulnerar dereitos de terceiros, sendo o trámite para mostrar a disconformidade coa valoración o de alegacións que prevé o apartado 12.4 e 13.1 da convocatoria.

ACTO DE TRÁMITE:

PRIMEIRO.- Publicar unha rectificación do anuncio do anexo I Listaxe de solicitudes con empate a 10 puntos para o sorteo_Usa público” consultable mediante código seguro de verificación 4U2E 554T 0V4I 5370 0KBE no sentido de :

- Eliminar da relación de expedientes afectados polo sorteo a realizar o día 17/07/2025 ao expediente 222/2025/2626, logo de comprobar no seu expediente que a súa valoración non se atopa na situación que provoca o empate pendente de dirimir.
- Incluír o expediente 222/2025/3787 na listaxe de expediente que irán ao sorteo do día 17/07/2025 logo de comprobar que a súa valoración é idéntica a dos expedientes que se atopan na situación que provoca o empate pendente de dirimir.

SEGUNDO: Publicar no taboleiro de anuncios e edictos do Concello (<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>) a Rectificación do ANEXO I Listaxe de solicitudes con empate a 10 puntos para o sorteo_Usa público” (CSV 3M2T 0C0Y 1J1T 1H72 1084) para que sexa de público coñecemento.

A Coruña, na data de sinatura electrónica do documento.

O órgano instructor.

A xefa de servizo de Acción Social